



## Concello de Mazaricos

### ORDENANZA XERAL REGULADORA DO USO E APROVEITAMENTO ESPECIAL DE VÍAS PÚBLICAS, ACCESOS E ESPAZOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Mazaricos tivo que fazer fronte nos últimos tempos a un importante esforzo inversor en materia de rehabilitación e acondicionamiento de estradas, vías públicas e caminos de titularidade municipal. Neste senso, o período transcorrido desde a data en que estas vías se acondicionaron serviu para que a Corporación coñeza os resultados que se derivan da inexistencia dunha normativa que impida o uso indiscriminado e negligente destes bens de dominio público. Por elo, e tendo en conta o importe conxunto de investimentos que durante os últimos anos se viñeron realizando no municipio con este fin, o Concello de Mazaricos considera preciso implantar unha normativa que, sen diminuir os dereitos que todos gozan para transitar, free o uso inadecuado ou desproporcionalado dos mesmos e a conseguinte deterioro dos firme.

En orde a reducir e eliminar paulatinamente esta situación, e ao abeiro das previsions contidas na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e nas Leis e Regulamentos de bens e servizos de aplicación na administración local, así como da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, establecése a presente normativa.

Así mesmo, invócase o artigo 12 do RD Lexislativo 6/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial como motivación para o ditado das normas que se pretende na presente regulación.

#### TÍTULO I.- XENERALIDADES.

##### Capítulo 1.- Habilitación normativa.

Artigo 1.- A presente Ordenanza díllase en virtude da potestade regulamentaria municipal reconecida no Art. 4º a) da Lei reguladora das Bases de Régime Local 7/1985, dentro da esfera das suas competencias, entre as que se atopa segundo o establecido nos Art. 25.2 a), c) e 26 da citada Lei, a ordenación, xestión, execución e disciplina urbanística, a infraestrutura vial, a pavimentación de vías públicas e a conservación de caminos e vías rurais.

##### Capítulo 2.- Obxecto.

Artigo 2.- O obxecto da presente Ordenanza é a regulación do uso e aproveitamento das vías públicas ou caminos urbanos e rurais, dentro do termo municipal de Mazaricos, exceptuando as servidumes típicas de fincas illadas que se rexerán polos Artigos dende o 564 ao 568 do Código Civil.

##### Artigo 3.- Definicións

Axividade forestal: Aquela actividade que se desenvolve a partir do aproveitamento múltiple dos recursos que proporcionan os terreos nos que vexetan especies arbóreas, sexan de nacemento venturoso, de semente ou de plantación, sempre que non sexan características de cultivo agrícola.

Camino: Aos efectos desta Ordenanza enténdese por camino ou vial de dominio e uso público de pequenas dimensións para tráfico local xerado pola conexión entre parroquias, barrios, lugares, agrós, vilares, montes etc.

Cortas de madeira: Aos efectos desta Ordenanza enténdese por corte a operación silvícola de apeo das arbores, entendéndose por corte de policía as cortas de mellora que afectan só o arboedo seco, enfermo ou danado.

Empresa da madeira: persoa física ou xurídica que realice os labores de preparación do terreo, repoboación, corte, saca, depósito e/ou transporte da madeira. Tamén abrangue a aquelas persoas propietarias que realicen algúns destes labores nas parcelas da sua propiedade, sempre e cando non sexa para o autoconsumo da madeira e teñan por destino a súa comercialización.



## Concello de Mazaricos

**Estrada:** Aos efectos desta Ordenanza enténdese por estrada ás vías de dominio e uso público asfaltadas, proxectadas e construídas para a circulación de vehículos segundo o disposto nos artigos 3 e 4 da Lei 8/2013, de 28 de Xuño, de Estradas de Galicia.

**Paso salvacunetas:** Enténdese por paso salvacunetas a construcción que se realiza sobre a mesma para acceder ás fincas colindantes.

**Peché ou cerramento:** Aos efectos desta Ordenanza enténdese por peché todo elemento incorporado ao solo para delimitar a propiedade privada.

**Sacas de madeira:** Tarefas de extracción, depósito, carga e transporte de madeira procedente de taixas forestais que ocupen ou afecten a vías de titularidade municipal.

**Vehículo pesado:** Aos efectos desta Ordenanza enténdese como vehículo pesado aquel que soporta no momento da circulación polas vías e camiños de titularidade municipal, unha carga materializada en mercadorias, materiais, maquinaria,... superior ás 20 toneladas.

**Vía pública:** Aos efectos desta Ordenanza enténdese por vía pública as estradas, avenidas, ruas, pasos, beiramjas, prazas, cunetas, camiños, tanto urbanos como rurais, xardins, zonas verdes, zonas terrosas, pontes, lúneles, peitoris, e demais bens de propiedade municipal destinados ao uso común e xeral dos cidadáns.

### TÍTULO II: USOS E APROVEITAMENTOS.

**Artigo 4 -** A finalidade das vías públicas é o seu uso pacífico, libre, seguro e xeral, tanto para persoas como para animais e vehículos. Por iso, queda prohibido impedir o libre paso por eles, incluíndo dita prohibición calquera práctica que teña como fin ou efecto non permitir o uso xeral antes definido, tanto de palabra como por feitos, barreras, obras ou indicacións escritas de prohibición de paso.

Quédan exceptuadas desta prohibición aquelas que respondan ás necesidades municipais e estean ordenadas pola autoridade competente.

Aos efectos de garantir o uso a que nos referimos anteriormente suxitase a control municipal o uso común especial das vías de titularidade municipal así como aquellas actividades que empreguen as vías de titularidade municipal e sexan susceptibles de afectar ao seu estado de conservación.

Considerase uso común especial aquel uso ou aproveitamento do sistema viario municipal e dos elementos que o integran que excede ou se diferencia do uso común xeral por concorrer circunstancias de peligrosidade, intensidade ou outra semelante.

#### **Capítulo I. Limitacións a actividades nas que no seu desenvolvemento fágase uso de vías públicas.**

##### **Artigo 5 - Circulación de vehículos pesados.**

En función da climatoxia ou da situación que o requira para a protección do firme e a seguridade dos viandantes, o tránsito de vehículos pesados poderá ser limitado ou prohibido exceptuando o tránsito por necesidades de auxilio.

##### **Artigo 6 - Carga, descarga e transporte de materiais e entullos.**

Os responsables de operacións de carga, descarga e transporte de materiais ou entullos procederán á limpeza da vía pública e dos elementos desta que se tiveron ensuciado como consecuencia das citadas operacións.

Aos efectos da presente Ordenanza consideranse responsables das operacións de carga, descarga e transporte de materiais ao propietario do vehículo sendo responsables solidarios o subministrador dos materiais e o adquirente dos mesmos. No caso de carga, descarga e transporte de entullos consideranse responsables ao condutor do vehículo e solidariamente ao promotor da obra que xerou ditos entullos.

##### **Artigo 7 - Limpeza e reparación de vehículos en vía pública.**

Queda prohibido lavar vehículos e maquinaria na vía pública efectuarles cambios de aceite



## Concello de Mazaricos

ou outros líquidos, así como reparalos, salvo actuacións puntuais de emergencia, debendo en todo caso proceder con posterioridade á limpeza da zona afectada.

### Artigo 8 - Prohibición de vertidos.

Con carácter previo, e sen prexuízo da legalidade aplicable e das competencias que teñan atribuídas outras Administracións Públicas, establecése as seguintes prevencións en materia de vertidos ás estradas, camiños e vias públicas:

1. Prohibese arrojar ou tirar nos camiños e estradas, e vias públicas municipais, toda clase de residuos, en particular lenha, cañas, brozas, pedras, envases, plásticos, refugallos, escombros, lixo e, en xeral, calquera outro elemento que poida ser susceptible de impedir o uso común dos primeiros e da súa funcionalidade, a degradación do medioambiente e impedir o paso libre das augas.
2. Prohibese a acumulación nas propiedades privadas de refugallos e outros lixos, para evitar que pola acción do vento ou calquera outra causa poida ser esparraxido a propiedades linderas ou ás vias públicas e causar danos nas mesmas e impedir o seu en condicións axeitadas.
3. Prohibese tirar ou arrojar lixos domésticos, industriais ou gandeiros, escombros, refugallos ou calquera outro tipo de residuo sólido ou líquido nos elementos de drenaxe superficial, en particular cunetas, das estradas, camiños e vias públicas do termo municipal de Mazaricos, a excepción daqueles vertedoiros controlados e legalizados contando coa oportuna autorización. No caso de residuos provintes de explotacións gandeiras, os propietarios estarán obrigados a eliminarlos a través de axentes xestores autorizados.

### Capítulo II. Obrigas e limitacións de parcelas e inmóveis estremeiros con vía pública.

#### Artigo 9 - Conservación das cunetas e sumidoiros.

Os titulares do pleno dominio das fincas colindantes con camiños, os usufructuarios e arrendatarios virán obrigados a proceder á limpeza da calzada nos supostos en que sobre a mesma se vertan terras, biomasa, etc con motivo da realización de labores agrícolas, forestais, desmontes, etc.

Tódolos propietarios das fincas límitrofes a vias públicas terán a obriga de conservar debidamente as cunetas e sumidoiros estremeiros coas suas propiedades, sendo responsable subsidiario o propietario da finca de orixe. As labores periódicas de conservación efectuadas polo Concello non eximen ao propietario da sua obriga. Queda prohibido o vertido de purins na calzada, cunetas, taludes e terraplén dos camiños públicos municipais.

Queda expresamente prohibido o depósito nas cunetas de restos construtivos ou entullos, de materia vexetal, plásticos ou calquera outro elemento que poida suponer unha obstrución das mesmas.

En caso de precisar colaboración por parte do Concello na conservación das mesmas comunicarase en tempo e forma debida co fin de minimizar os danos que poida ocasionar a sua obstrución. No caso de non comunicalo ao propietario estremeiro asumirá a responsabilidade dos posibles danos que se rexistren.

O Concello poderá realizar ou construir novas cunetas, canos ou sumidoiros, que permitan unha mellor distribución das augas co fin de diminuir o dano nas vias públicas e mellorar a sua conservación.

#### Artigo 10 - Limpeza de fincas e solares estremeiros con vias públicas.

Polo que atinxe a roza da vexetación estarase ao regulado nos artigos 20 bis, 21 e 21 bis da lei 3/2007 do 9 de abril de prevención e defensa dos incendios forestais de Galicia, deste xeito:

- a) As fincas de solo urbano, de núcleo rural e urbanizable situado a menos de 400 metros do monte deberán permanecer limpas de broza, arbustos e vexetación de acordo co previsto na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.
- b) É obriga dos propietarios/as das fincas a realización das tarefas de roza, evitando que a vexetación invada a vía pública así como as escorrentías laterais, cunetas e pasos de auga.



## Concello de Mazaricos

- c) Así mesmo, é obriga destes propietarios/as de fincas estremeiras coa via pública, a poda ata unha altura de 4,5 metros das ramos dos ábores que partindo da súa propiedade invadan a via pública. No caso de ábores de froita estarase ó disposto no artigo 591 do Código Civil.
- d) En caso de incumprimento do establecido nos apartados anteriores deste Artigo o Concello poderá notificar ás persoas responsables ás suas obrigas en materia de limpeza de fincas estremeiras coa via pública. Se no prazo de 15 días naturais os/as titulares das fincas non acometen as tarefas de limpeza, o Concello poderá proceder á execución subsidiaria dos citados traballos de limpeza, repercutindo o custo destes traballos ao/a propietario/a da parcela e, todo iso, sen préximo de seren comunicado, no caso de que non sexa competencia do concello, á Consellería competente nesta materia para que inicie o procedemento sancionador que corresponda.

### Artigo 11.- Plantacións.

Para estes efectos, estarase ao regulado na Lei 7/2012, do 28 de Xuño, de Montes de Galicia, ou normativa na materia que a complemente ou substítua.

### Artigo 12.- Arado e outros traballos agrícolas en fincas estremeiras coa via pública.

O límite da aradura debe ser o límite do mozo ou do terraplén ata onde chegue a maquinaria sempre realizando o traballo dentro da propia finca sen invadir o camiño.

A invasión das cunetas para o seu cultivo como se foran parte da finca estremeira constituye apropiación do dominio público e uso indebido do mesmo, sendo obxecto de sanción por parte do Concello.

Todos os traballos que implicuen emprego de maquinaria deberán efectuarse dentro dos límites da propia finca, quedando prohibida a realización de manobras de xirado, arrastre de apeiros ou calquera outra que poñan implicar danos á via pública.

O arrastre de terras ou calquera outro material debido á entrada ou saída de maquinaria da via pública deberá de ser retirada polo causante coa maior celeridade posible, sendo responsable subsidiario o propietario da finca de orixe. En calquera caso, se no prazo de 24 horas non se produciu a sua retirada iniciárase o correspondiente expediente sancionador.

### Capítulo III. Obras efectuadas por particulares que afectan á via pública.

#### Artigo 13.- Apertura de gabias, exploracións e calas en vías públicas e remoción de pavimento ou beirarrúas.

Toda operación de apertura de gabias, exploracións e calas en vías públicas e remoción de pavimento ou beirarrúas estará sujeta ao réxime xeral de licencias e obras reguladas na legislación urbanística e na presente ordenanza.

#### Artigo 14.- Ocupacións temporais.

Por razóns de interese público, e de forma motivada por razóns de interese particular, poderán autorizarse ocupacións de carácter temporal ou instalacións desmontables sobre a via pública, sempre que non alteren o tránsito normal. Estas deberán ser autorizadas polo órgano local competente, tendo que facer efectiva a correspondente taxa segundo a Ordenanza fiscal reguladora da taxa por ocupación de terreos do uso público con mercadorías, materiais de construción, escombros, vallas, puntais, asinelos, andamios e outras instalacións análogas do Concello de Mazaricos.

#### Artigo 15.- Limitacións nos accesos das fincas particulares aos camiños.

O Concello pode limitar os accesos dende os camiños públicos ás fincas particulares e establecer con carácter obligatorio os lugares en que teñen que construirse estes accesos por razóns técnicas.

Estes accesos ou saivacunetas deben construirse con tubería de cemento ou similar con paramentos debidamente reforzados con formigón e cun diámetro mínimo de 40 cm, debendo permitir o libre transcorrer das augas ao seu través, mantendo o nivel correcto para elo. Excepcionalmente poderá obligarse ao emprego dun diámetro superior ou inferior, cando sexa xustificable por razóns técnicas e os técnicos municipais o autoricen.



## Concello de Mazarelos

Os gastos de construcción destes accesos correrán a cargo dos seus beneficiarios, e será tamén da sua responsabilidade o seu mantemento e substitución.

Os accesos ou salvacunetas manteranse permanentemente en perfecto estado, mantendo libre a luž dos tubos co fin de permitir o perfecto transcorrer das augas, en caso contrario, os danos causados nas vías públicas motivados polo seu atranco correrán a cargo do propietario do mesmo, reservándose o Concello o dereito de levantar dita entrada se con iso se minimizan os danos na via, correndo os gastos de reposición por conta do seu propietario e todo iso sen prexuízo do inicio do correspondente expediente sancionador.

### Art. 16 - Cerramentos e edificacións en fincas estremeiros coa via pública

Os cerramentos e edificacións en fincas estremeiras coa via pública estarán suxeitos ao réxime xeral de licencias e obras reguladas na lexislación urbanística

## TÍTULO III.- LICENZAS E COMUNICACIÓNS PREVIAS.

### Capítulo I. Das licenzas e autorizacións demaniais.

Artigo 17 - De acordo co establecido no título anterior será precisa licenza ou autorización para os seguintes usos comuns especiais do viario municipal:


- a) Para o depósito de madeira ou outros materiais en via ou espazo público
- b) Para ocupacións temporais da via pública
- c) Colocación de paneis publicitarios.
- d) Para a construcción de salvacunetas ou accesos ás fincas particulares.
- e) Para a apertura de gabies, exploracións e calas en vías públicas e remoción de pavimento ou beirarrúas.

### Artigo 18: – Licenza para uso común especial do viario municipal.

A licenza será solicitada no Concello con carácter previo ó uso común especial do viario municipal.

A solicitude de autorización para o uso común especial do viario municipal incorporará

1. Depósito de madeira ou outros materiais en via ou espazo público/ ocupación temporal da via pública  
Datos identificativos do solicitante e para o caso de actuar a través de representante, acreditación da representación.  
Obxecto da solicitude: Identificación do material a depositar ou da instalación coa que se ocupará o dominio público, cantidade e/ou superficie a ocupar, dimensións e/ou elementos estruturais, sistema de montaxe, elementos sustentantes, plano de situación e localización do depósito ou ocupación, duración prevista.  
Copia das autorizacións que procedan (forestais, mineiras, protección de augas, conservación da natureza, patrimonio cultural e ou arqueolóxico).
2. Construcción de salvacunetas ou accesos ás fincas colindantes.  
Datos identificativos do solicitante e para o caso de actuar a través de representante, acreditación da representación.  
Obxecto da solicitude: Descripción da obra indicando os materiais a empregar e lonxitude do salvacunetas. Incorporarase plano de situación e localización, referencia catastral da parcela ou parcelas afectadas, e orzamento da obra.  
Copia das autorizacións que procedan (forestais, mineiras, protección de augas, conservación da natureza, patrimonio cultural e ou arqueolóxico).
3. Apertura de gabies, exploracións e calas en vías públicas e remoción de pavimento ou beirarrúas.  
Datos identificativos do solicitante e para o caso de actuar a través de representante, acreditación da representación.  
Obxecto da solicitude: Memoria ou proxecto técnico suscrito por técnico competente no que se describan as obras, indicando materiais a empregar e lonxitude, servizos afectados,





## Concello de Mazaricos

ocupacións adicionais que se prevean (contenedores de entullos, casetas de obras, sinalización e balizamento). Incorporará planos de situación e localización, orzamento etc.

Compromiso de reposición dos firmes e pavimentos

Copia da/s autorización/s que procedan (forestais, mineiras, protección de augas, conservación da natureza, patrimonio cultural e ou arqueolóxico)

### 4. Colocación de paneis publicitarios

Datos identificativos do solicitante e para o caso de actuar a través de representante, acreditación da representación

Obxecto da solicitude: Memoria ou proxecto técnico suscrito por técnico competente no que se describan os elementos a instalar especificando dimensións, sistema de montaxe e lugar exacto onde se pretenda colocar o panel publicitario. pliego de situación e localización Xustificación da integración paisaxística e da normativa sectorial aplicable

Copia da/s autorización/s que procedan (forestais, mineiras, protección de augas, conservación da natureza, patrimonio cultural e ou arqueolóxico)

As licenzas tramitaranse e resloveranse de acordo co disposto nos artigos 9 e ss do Reglamento de Servicios de las Corporaciones Locales, aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955.

As licenzas outorganse directamente salvo que por calquier circunstancia se limitase o número das mesmas.

## Capítulo II. Das Comunicacións Previas

### Artigo 19.- Actividades suxeitas a comunicación previa

1. Co fin de garantir a conservación da rede viaria municipal e evitar o risco de accidentes, e sen prexulzo dos permisos, autorizacións, comunicacións ou notificacións, que sexan outorgados polos organismos competentes na materia ou postos en coñecemento destes, establecécese a obligación de comunicar perante o Concello aquelas actividades seguintes actividades de uso do viario municipal:


- A circulación dos vehículos pesados definidos no artigo 3.
- Actividades de carga de madeira derivada de sacas forestais superiores aos 10 m<sup>3</sup>.
- Calquera outra actividade que de xeito extraordinario se realice por esas vias e afecte ao seu estado ou conservación e non contemplado no artigo 17.

### Artigo 20.- Comunicación para actividades a desenvolver nas vías de titularidade do concello

1. A comunicación será realizada no Concello antes de se iniciar a actividad polo propietario do vehículo ou transportista e no caso das cortas ou talas de madeira, polo comprador, ou titular da empresa madeireira responsable co seguinte contido

- Datos identificativos do solicitante e para o caso de actuar a través de representante, acreditación da representación
- Obxecto da comunicación: Previsión de TM a transportar ou m<sup>3</sup> a extraer, data ou período previsto para a realización do transporte e/ou extracción, itinerario e/ou plano de situación e localización da extracción con referencia/s catastral/s da parcela/s, relación de vehículos debidamente identificados que se van a utilizar no transporte ou extracción
- Copia da/s autorización/s que procedan
- Compromiso de reposición de danos nos bens de titularidade municipal e compromiso de retirada do lixo ou sobrante que accidentalmente quede depositado nas vias a utilizar. De proceder, o compromiso de reposición incluirá o de derrubarmento das rampas aberllas para facilitar o acceso ao terreo ou monte, con obxecto de que, cando choive, a auga e terra arrastradas non inunden e causen danos nas pistas, camiños municipais ou parcelas colindantes

A presentación da comunicación previa supón a aceptación polo interesado do axeitado estado de conservación do viario a utilizar, agás que achegue unha reportaxe fotográfica que desvirtue dita presunción e que será comprobada polos servizos municipais. Posteriormente, trala súa utilización achegará, así mesmo, unha reportaxe fotográfica do estado de discrepancias da anterior.





## Concello de Mazaricos

2.- Prohibese, con carácter xeral, realizar tarefas de carga e almacenamento sobre os viarios municipais e estruturas anexas, ainda que se autorizan as operacións imprescindibles para a carga de malezas, axustándose á normativa de seguridade viaria e tráfico; sempre que se respete e reponha ao seu estado primitivo.

Os restos ou depósitos de materiais procedentes da tala, poda ou entresaca, ou do simple transporte non poderán invadir os viarios, tanto na zona de circulación de vehículos como de peóns.

O exercicio das actividades descritas no presente capítulo sen comunicar a correspondente acción a desenvolver, sen prexuízo da sanción correspondente, implicará a paralización da actividade ata a conclusión do expediente levando aparellada a reposición das vías municipais ao seu ser e estado primitivo.

**Capítulo III.-Normas de procedemento nas comunicación previas para o uso especial das vías e camiños municipais.**

### Artigo 21 - Tramitación da Comunicación Previa

1.-Analizada a documentación, e en función da adecuación ou non do seu contido ao ordenamento urbanístico e ás prescripcións da presente ordenanza, a tramitación dos actos suxeitos a Comunicación Previa finalízase dalgunha das seguintes formas:

a) Transcorridos 15 días hábiles desde a presentación da Comunicación Previa cumplindo todos os requisitos esixidos a mesma constitúe título habilitante para o inicio das actividades que comprendan un uso das vías públicas de titularidade municipal suxeitos a ela, sen prexuízo das facultades de comprobación, control e inspección posteriores por parte do Concello.

b) Cando a documentación aportada sexa insuficiente ou incompleta, o Concello requirirá a subsanación, adoptando no seu caso, as medidas provisionais que se estimen necesarias para evitar a alteración da realidade en contra da ordenación aplicable. O requerimento deberá facerse no prazo dos dez días seguintes ao da presentación da comunicación previa e no mesmo farase saber ao interesado que se abstén de executar a súa actuación. O interesado deberá proceder a subsanación da comunicación previa e da documentación achegada no prazo que se lle autórgue porque de non facilitártelle por desistido.

3) Dentro dos quince días seguintes á presentación da Comunicación previa o Concello poderá declarar completa a documentación presentada.

4) Cando se estime que os usos ou actividades obxecto da Comunicación Previa non están incluídas entre as previstas para ser tramitadas por este procedemento, no prazo de quince días hábiles, notificáñse ao solicitante de que se abstén de executar a súa actuación, procedendo a continuarse a tramitación mediante o procedemento de outorgamento de licenzas previstos nos artigos 17 e ss.

5) Cando a actuación comunicada non se axuste ao planeamento vixente, no prazo de quince días hábiles notificarase esta circunstancia ao interesado, indicándolle que debe abstérse a continuar coa actuación e paralizar de inmediato as iniciadas.

6) A Comunicación Previa non supón en ningún caso que as actuacións na mesma previstas non poidan entenderse suxeitas á potestade de intervención administrativa, que adoptará a fórmula de comprobación, control e inspección posterior para a verificación do axuste entre o executado e o comunicado.

8.- O Concello dirárá a orde de execución que proceda para garantir a plena adecuación do acto ou actos á ordenación urbanística.

## TÍTULO IV.- INFRACCIONES E SANCIONES.

### Capítulo I - Infracciones

A potestade sancionadora fundántase pola aplicación do establecido no artigo 44 apartado 2 do regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño.

### Artigo 22 - Son infracciones leves:



## Concello de Mazaricos

- a) A produción de danos nos bens de domínio público, cando o seu importe non excede de 6.000 euros.
- b) Deixar abandonados nas vías de titularidade municipal restos de materiais ou entullos como consecuencia de operacións de carga, descarga ou transporte dos mesmos.
- c) Lavar vehículos e maquinaria na vía pública, efectuarles cambios de aceite ou outros líquidos e reparacións, agás en caso de emerxencia que poidan xustificarse.
- d) Arrojar ou tirar nos camíños e estradas e vías públicas municipais... toda clase de residuos, en particular leña, cañas, brozas, pedras, envases plásticos, refugallos, escorbros, lixo e, en xeral, calquera outro elemento.
- e) O esparexido de refugallos e outros lixos nas vías de titularidade municipal cando estes residuos proveñan da acumulación dos mesmos en propiedades privadas sen o debido cuidado, segundo o disposto no artigo 8.2 da presente ordenanza.
- f) Tirar ou arrojar lixos domésticos, industriais ou gandeiros, escorbros, refugallos ou calquera outro tipo de residuo sólido ou líquido nos elementos de drenaxe superficial, en particular cunetas, das estradas, camíños e vías públicas do termo municipal de Mazaricos.
- g) Falta de mantemento e limpeza de cunetas.
- h) O arrastre de terras ou de outros materiais ou maquinaria ou apeiros na vía pública no desenvolvemento de traballos agrícolas, forestais ou de outro tipo en fincas estremerias con aquelas.
- k) En xeral, o incumprimento das obrigas, requisitos ou prohibicións establecidos nesta ordenanza, que non estean cualificados como infraccións graves ou moi graves.

### Artigo 23 - Son infraccións graves:

- a) A produción de danos en bens de domínio público, cando o seu importe supere a cantidade de 6.000 euros e non excede de 20.000 euros.
- b) A non suxección e sometemento a licenza dos usos comúns especiais do viario público conforme ao disposto nos artigos 17 e seguintes da presente ordenanza. Esta infracción engloba a non notificación mediante comunicación previa das actividades recollidas no artigo 19. A infracción teríse producido ainda que se achegue despois de ser requerido polo Concello.
- c) O uso común especial de bens de domínio público obxecto de autorización sen suxeitarse ao seu contido ou para fins distintos dos que as motivaron. A realización de actividades suxeitas a comunicación previa sen axustarse a comunicación presentada.
- d) Deixar as vías municipais nun estado de suciedad que supónha unha situación de risco para a seguridade viaria ou poida impedir un uso común segundo o informe municipal emitido para o caso.
- e) Non demoler ou non volver ao estado orixinal as rampas ou accesos que se abran para a entrada aos terreos forestais.

### Artigo 24 - Son infraccións moi graves:

- a). A produción de danos en bens de domínio público, cando o seu importe supere a cantidade 20.000€.
- b) O non sometemento a licenza dos usos comúns especiais do viario público e a non comunicación previa das actividades a que se refiren os artigos 17 e ss da presente ordenanza unha vez fose requerido polo Concello e no prazo que se lle indique;
- c) A instalación de obstáculos ou a realización de calquera tipo de acto que impida totalmente o tránsito polas vías de titularidade municipal ou xere un elevado risco para a seguridade de persoas e coches que circulen polas mesmas
- d) Cando no caso de comisión de infraccións graves concorra algúmha das seguintes circunstancias:
  - a. Malicia ou intencionaldade;
  - b. Irreversibilidade do dano causado;



## Concello de Mazaricos

c) Reincidentia en dúas infraccións graves no período de un ano.

### Capítulo II. Sancións.

#### Artigo 25.- Importe de sancións

a) As infraccións desta ordenanza serán sancionadas coas seguintes multas:

- Infraccións leves: multa de ata 750,00€
- Infraccións graves: multa de contía comprendida entre 750,01€ e 1.500,00€
- Infraccións moi graves: multa de contía comprendida entre 1.500,01€ e 3.000,00€

b) A imposición das sancións requirirá a tramitación do correspondente procedemento previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedimento administrativo común das administracións públicas.

c) O importe das multas será graduado tendo en conta as circunstancias concorrentes e de acordo co establecido na normativa vixente.

d) O pagamento das multas poderase esixir pola vía administrativa de constriñemento, sen prexulzo da esixencia, se for o caso, das correspondentes responsabilidades civís e penais.

e) Con independencia das sancións que poidan imponerse, o infractor estará obrigado á restitución e reposición dos bens ao seu estado anterior, coa indemnización dos danos e prexulzos causados. Disposición adicional única. Modelos de documentos.

Facultase á alcaldía para a aprobación e modificación de catos modelos normalizados de documentos require o desenvolvemento desta Ordenanza.

#### Disposición final. Entrada en vigor.

Esta ordenanza entrará en vigor o día seguinte ó da sua publicación no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña e unha vez transcorrido o prazo a que se refire o artigo 65.2 en relación co artigo 70.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, permanecendo en vigor ata que se aprobe a súa modificación ou derogación expresa.

Contra o referido acordo que é firme na vía administrativa, pode interponerse no prazo de dous meses a partir da sua publicación no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos que se establecen nas normas reguladoras desta xurisdición.

**DILIXENCIA** que extendo eu, Secretaria para facer constar que o presente texto de ordenanza foi aprobado inicialmente en sesión plenaria ordinaria celebrada o dia 13 de xaneiro de 2017, e a tales efectos queda asinado en cada unha das suas páxinas.

En Mazaricos, o 16 de xaneiro de 2017

A SECRETARIA

Asdo. Ana M.º Reyes Cambre

